

TEMA 2.- AS TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS DO S.XIX

I.- A RENOVACIÓN DAS ESTRUTURAS AGRARIAS

- A.- CAMBIOS NA AGRICULTURA**
- B.- INFLUENCIA DA REV. AGRÍCOLA
NA INDUSTRIALIZACIÓN**

II.- A REVOLUCION DEMOGRÁFICA

III.- A REVOLUCION INDUSTRIAL

- A.- ORIXE E FASES**
- B.- RASGOS DEFINITORIOS**
- C.- SECTORES PUNTEIROS**
 - C.1.- INDUSTRIA TÉXTIL**
 - C.2.- IND. SIDEROMETALÚRXICA**
 - C.3.- OS TRANSPORTES**
- D.- A SEGUNDA FASE DA REV. IND.**
 - D.1.- NOVAS FONTES DE ENERXÍA**
 - D.2.- NOVOS SECTORES**

D.3.- NOVAS FORMAS DE ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

D.4.- A CONCENTRACIÓN EMPRESARIAL E FINANCEIRA

IV.- O DESENVOLVEMENTO DO CAPITALISMO LIBERAL





I.- A RENOVACIÓN DAS ESTRUTURAS AGRARIAS

Dende comezos do s. XVIII producíronse en países como Gran Bretaña e Holanda importantes cambios na agricultura, sector básico na economía do Antigo Réxime. Este conxunto de cambios recibe o nome de “*Revolución agrícola*”. A renovación das estruturas agrarias foise estendendo posteriormente a outros países e resultou un factor decisivo no proceso de industrialización e no desenvolvemento da economía capitalista.

? 1.- Define o concepto de *Revolución Agrícola*.

A.- CAMBIOS NA AGRICULTURA

► Cambio no tipo de propiedade, que pasou a ser **individual, libre e sen cargas de tipo feudal**. O propietario era un individuo, e non unha familia ou un mosteiro. Ese individuo considerábase libre para investir capital na súa propiedade e obter un beneficio, o que significaba que concebía esa propiedade como unha empresa capitalista. Os traballadores eran asalariados e non campesiños arrendatarios ou servos. Todo isto permitiría o avance e a prosperidade da agricultura.





*Os cambios lexislativos en Inglaterra acabaron coas propiedades señoriais e comunais explotadas de forma colectiva, e a terra converteuse en **propiedade privada**. Os pequenos propietarios e os campesiños sen terras carecían de capital para cercar os campos, polo que venderon as súas propiedades, convertéronse en xornaleiros ou emigraron á cidade. Os grandes beneficiados foron os grandes e medianos terratenientes, que aumentaron as súas propiedades e convertéronse en empresarios agrícolas, dispostos a investir para aumentar os rendementos das súas explotacións.*

Na imaxe, un pobo inglés antes e despois do proceso de cercamento das terras.


► Cambios nas técnicas e nos métodos de cultivo:

- **Eliminación do barbeito** e dos sistemas tradicionais de rotación de cultivos (bienal e trienal) substituídos por unha **rotación de cultivos de carácter intensivo** que non deixaba repousar a terra (en Gran Bretaña recibiu o nome de *sistema Norfolk*).

- Introducción de **novos cultivos** (forraxes para o gando, nabos, patacas, millo...) que complementaban a dieta e que rompían o monopolio cerealístico que provocaba o esgotamento da terra.

- **Posta en cultivo de terreos considerados ata entón como improdutivos**. Isto foi posible grazas á utilización de avances tecnolóxicos (exemplo: a *bomba de Newcomen* permitía a desecación de zonas pantanosas).

? 2.- Explica en que consiste o **sistema Norfolk** e que cambios supuxo.




Aplicación agrícola do motor de Newcomen.

I.- A RENOVACIÓN DAS ESTRUTURAS AGRARIAS

? 1.- Define o concepto de *Revolución Agrícola*.


Chámase *Revolución Agrícola* ao conxunto de transformacións experimentadas polo sector agrario como consecuencia de cambios tecnolóxicos e novos métodos de cultivo que incrementaron radicalmente tanto os rendementos como o nivel de vida dos campesiños. Iniciouse no s.XVIII nos países máis avanzados de Europa (Gran Bretaña, Holanda) e despois estendeuse por outros países.




A.- CAMBIOS NA AGRICULTURA

? 2.- Explica en que consiste o *sistema Norfolk* e que cambios supuxo.

O vello sistema de **rotación trienal** foi **substituído** nas terras de Norfolk pola **rotación cuadrienal**. A alternancia de cultivos que empobrecían a terra (trigo, cebada) con outros que a enriquecían (nabos, forraxes, pataca...) permitía eliminar o uso do barbeito e aumentar a superficie cultivada. Ademais, o cultivo de forraxes permitiu o aumento da cabana gandeira, o que levou á mellora na dieta humana e o esterco, á súa vez, mellorou a fertilidade da terra.



● Xurdiron **novidades técnicas que facilitaban o traballo e aumentaron o rendemento agrario**: o novo arado de ferro removía con máis profundidade a terra, destacou a invención de **novas máquinas**, como a sementadora mecánica e as primeiras malladoras mecánicas.



● A partir de mediados do século XIX foi destacable a utilización de novos tipos de abono (en especial os **abonos químicos**), que permitiron mellorar a fertilidade dos terreos. Tamén foi posible aumentar os rendementos mediante a **selección de sementes**.

► **Cambios na orientación da produción**: o conxunto de todos os cambios sinalados levou ao **aumento dos rendementos** e á **obtención de excedentes**, o que permitiu desenvolver unha **agricultura especializada de mercado**.




? 3.- Realiza un cadro comparativo no que podan observarse as **diferenzas** existentes entre a agricultura do Antigo Réxime e a desenvolvida tras Revolución Agrícola.

Na agricultura, a mecanización foi máis difícil de facer que na industria, porque a fonte de enerxía tiña que levarse ao mesmo lugar da produción, é dicir, ao campo de cultivo. O que sí apareceron foron moitos **inventos mecánicos** e que serviron para mellorar o traballo. Pero a máquina de vapor tivo poucas aplicacións, entre elas destaca a aparición da malladora.

O progreso agrícola non foi uniforme en toda Europa, mentres os cambios se iniciaban en Gran Bretaña ou Holanda, na Europa mediterránea ou en Rusia os campesiños seguían desenvolvendo unha agricultura tradicional de subsistencia.

Na imaxe, “As espigadoras”, do pintor francés Jean Franois Millet, 1857.

? 3.- Realiza un cadro comparativo no que podan observarse as **diferenzas** existentes entre a agricultura do Antigo Réxime e a desenvolvida tras Revolución Agrícola.




B.- INFLUENCIA DA REV. AGRÍCOLA NA INDUSTRIALIZACIÓN

- ▶ Os **beneficios xerados polas novas explotacións agrícolas** serviron para mellorar a agricultura, pero tamén destináronse en moitas ocasións cara a outras actividades económicas como a **industria**.
- ▶ Ademais a **mecanización do campo fixo aumentar a demanda de produtos fabricados pola industria** (apeiros de labranza, máquinas, etc.). Deste xeito a revolución da agricultura contribuíu ao crecemento da actividade industrial.
- ▶ Por outra banda o **desenvolvemento da agricultura levou ao crecemento da poboación (Revolución Demográfica), do comercio e dos transportes**, o que indirectamente favoreceu o despegue da industria.
- ▶ Finalmente a mecanización do campo trouxo como consecuencia a existencia dunha **man de obra excedentaria no mundo rural, estas persoas emigraron ás cidades** para traballar nas fábricas, minas... converténdose en man de obra para a industria.




LA REVOLUCIÓN AGRICOLA



II.- A REVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

Durante os séculos XVIII e XIX a poboación europea iniciou un proceso de crecemento coñecido como **Revolución Demográfica**. Ese crecemento tan importante foi debido ao mantemento dunha natalidade elevada e a un **descenso continuado e progresivo da mortalidade**, explicado polas melloras na alimentación, unha maior hixiene e os avances médicos (anestesia, asepsia, vacinas, penicilina...). O conxunto de Europa pasou de 140 millóns de habitantes en 1750 a 274 millóns en 1850.




Simultaneamente a ese crecemento da poboación, produciuse unha forte **emigración** do campo ás cidades, xa que a *Revolución Agrícola* permitía obter unha maior produción con menos man de obra. A poboación que non atopaba sustento no campo emigrou ás cidades buscando traballo nas fábricas ou nas minas.

? 4.- Define o concepto de **Revolución Demográfica**.




Ca.
ai



II.- A REVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

? 4.- Define o concepto de *Revolución Demográfica*.



O descenso da mortalidade e o aumento da esperanza de vida debéronse á mellora na alimentación que permitiu a desaparición das grandes fames e fixo a poboación máis resistente ás enfermidades. Tamén contribuíu a ese descenso a mellora nas condicións hixiénicas (maior acceso ao xabón, auga potable, extensión da rede de sumidoiros...) e médicas (descubrimento das vías de contaxio dalgunhas enfermidades, as primeiras vacinas, como a da variola, descuberta por Jenner en 1796).

O aumento da poboación proporcionou man de obra abundante e barata para o inicio do proceso de produción fabril nas cidades e tamén unha maior demanda de produtos agrarios e elaborados.

